

Resultados financeiros do terceiro trimestre de 2011

Banco Pastor reforza a súa solvencia e gaña 50,9 millóns de euros

- **O core capital crece 74 pbs en doce meses, ata o 9,09%, e supera os requisitos de Basilea III**
- **Os depósitos da clientela incrementáanse un 5,9%, ata os 15.582 millóns de euros, mentres que a media do sector cae un 0,3%**
- **Crecemento sólido e liderado en Galicia: aumenta o número de clientes e a cota de mercado e é líder en concesión de créditos ICO**

A Coruña, 26 de outubro de 2011. Nun momento no que as autoridades europeas estudan fórmulas para fortalecer o capital das entidades financeiras, Banco Pastor, inmerso nun proceso de integración co Banco Popular, segue reforzando a súa solvencia, que crece respecto do terceiro trimestre de 2010. Así, o core capital alcanza unha ratio do 9,09%, fronte ao 8,35% de hai doce meses, o que o leva a rexistrar uns recursos propios computables de 2.044 millóns de euros. O resultado atribuído do Grupo Banco Pastor no terceiro trimestre do exercicio alcanzou os 50,9 millóns de euros.

Respecto dos requisitos de capital das entidades, José María Arias, presidente de Banco Pastor, sinalou que "as necesidades de capital son importantes, pero o máis necesario nestes momentos para abordar a saída da crise é que flúa o crédito. Para iso, o fundamental é a apertura dos mercados de financiamento, xa que se estes non se desbloquean a saída da crise dilatarase".

Neste contexto, Arias apuntou que "Banco Pastor logrou, nuns meses de intensa competencia, aumentar os depósitos da clientela, que se incrementaron nun 5,9%, ata alcanzar os 15.582 millóns de euros. Este éxito, que se debe ao esforzo de todo o equipo Pastor, demostra que contamos, cada vez máis, coa confianza dos nosos clientes".

Ademais do crecemento en pasivo de clientes, Banco Pastor logrou incrementar a súa penetración en Galicia e así, entre xaneiro e setembro, captáronse case 20.000 novos clientes particulares na comunidade, un 8,3% máis ca en 2010. A captación de empresas galegas tamén creceu, un 7,5% en variación interanual, grazas ás máis de 2.000 compañías que son agora novos clientes da entidade.

Precisamente, estes esforzos en depósitos e clientes permitiron que mellore o *gap comercial* –depósitos sobre créditos á clientela–, ata se situar no 75,2%, aumentado en 194 puntos básicos dende o terceiro trimestre de 2010 e máis de 300 pbs dende comezos do presente exercicio.

Afondando na liquidez, é relevante sinalar que Banco Pastor ten unha posición relativamente cómoda en canto a vencementos de débeda, xa que conta cunha primeira liña de liquidez de 1.700 millóns de euros a finais de setembro.

Maior compromiso con Galicia: novas sucursais de empresa

O crecemento en clientes de Banco Pastor en Galicia reforza o seu compromiso coa comunidade e lévao a superar os 12.700 millóns de euros de volume de negocio, cunha carteira de medio millón de clientes e un crecemento consolidado, como constata o aumento de cota de mercado ata o 11,1% no mes de xuño de 2011.

Jorge Gost, conselleiro delegado de Banco Pastor, sinalou que "redobramos o noso compromiso cando máis falta fai. Neste sentido, cando o mercado reduce as hipotecas ás familias un 28%, nós aumentamos a taxas do 2,6%. Galicia nestes momentos supón a metade da carteira de depósitos da entidade".

Gost sinalou tamén que se a entidade está a facer un esforzo coas familias tamén o fai coas empresas, "por e para as que somos líderes en concesión de créditos ICO na comunidade, cunha cota que alcanza o 17,5% e un volume de concesións que creceu un 60% en relación co mes de setembro de 2010".

Non é de estrañar que a tendencia sexa á alza, reafirmada polo feito de que entre xaneiro e setembro Banco Pastor abriu tres novas sucursais na comunidade exclusivamente dedicadas ás pemes, na Coruña, Santiago e Vigo.

Sólida estratexia, resultados visibles

Banco Pastor reactiva coa súa estratexia de clientes non só a súa solvencia, senón tamén a mellora doutros puntos financeiramente vitais.

Así, un dos cabalos de batalla do sector como é a mora está "dominada" e a súa ratio sitúase no mes de setembro de 2011 no 5,98%, aumentando tan só en 25 pbs no último trimestre. Pola súa banda, a ratio de cobertura regulamentaria sitúase no ámbito do 100% (98%).

En relación coas perdas por deterioración de activos financeiros, que caen un 47% en taxa interanual ata os 85,5 millóns de euros, o conselleiro delegado de Pastor apuntou que "é salientable o importante descenso da dotación específica, que practicamente se divide á metade, así como as recuperacións de activos, que case se duplican".

Pola súa banda, a marxe de xuros, que ascende a 323,1 millóns de euros, reduce a súa caída ao -10,7% dende o -12% que rexistraba en xuño, grazas, entre outros aspectos, á mellora na rendibilidade do investimento.

O comportamento das comisións netas, que alcanzan os 72 millóns de euros, é grazas a actuacións estratexicamente acertadas que implican o citado aumento de clientes e a venda cruzada de produtos –2.600 novos plans de pensións e un crecemento do 8,2% en altas de seguros, tan só en Galicia–. Aumentan tamén as comisións en tarxetas un 9,1%, un 11,2% en domiciliacións e un 6,4% as de contas á vista. Especialmente significativo é tamén o crecemento dos depósitos a prazo tradicionais, que aumentan un 10,6%, 834 millóns de euros máis en termos absolutos.

O beneficio antes de impostos ascende a 67,6 millóns de euros, o que mellora significativamente a súa evolución, ao pasar dun retroceso interanual do 37% a un do 19,4%.

A ratio de eficiencia –mellor canto máis baixo– sitúase no 51%, 10,9 puntos porcentuais por debaixo da media do sector, que se sitúa no 61,9%. Un trimestre máis, a axeitada política de xestión de custos permite reducir os gastos de administración nun 0,7%.

Os bos resultados da actividade comercial explícanse por un modelo de negocio que pon o cliente no epicentro da entidade cun servizo de alta calidade, tal e como o testemuña a "Enquisa de satisfacción de clientes 2011" realizada por unha axencia independente e que sinala que "2 de cada 3 clientes lle outorgan a Banco Pastor unha nota de sobresaínte en atención persoal".

Cifras en miles de €	Sep. 11	Sep. 10	Variación	
			Absoluta	%
=MARGEN DE INTERESES	323.131	361.922	(38.791)	(10,7)%
(+) Rendimiento de instrumentos de capital	580	3.872	(3.292)	(85,0)%
=MARGEN DE INTERMEDIACION	323.711	365.794	(42.083)	(11,5)%
(+/-) Resultado enti. valoradas mét. participación	3.394	2.824	570	20,2%
(+) Comisiones netas	71.973	97.768	(25.795)	(26,4)%
(+/-) ROF + Otros resultados	107.195	137.646	(30.451)	(22,1)%
=MARGEN BRUTO	506.273	604.032	(97.759)	(16,2)%
(-) Gastos de administración	262.687	264.455	(1.768)	(0,7)%
(-) Gastos de personal	172.692	174.513	(1.821)	(1,0)%
(-) Otros gastos generales de administración	89.995	89.942	53	0,1%
(-) Amortización	20.532	21.280	(748)	(3,5)%
(+/-) Dotaciones a provisiones (neto)	(7.982)	(14.305)	6.323	(44,2)%
(+/-) Pérdidas por deterioro de activos financieros	85.465	161.115	(75.650)	(47,0)%
(-) Inversiones Crediticias	82.401	164.377	(81.976)	(49,9)%
(-) Otros instrumentos no valorados a VR con cambios en PyG	3.064	(3.262)	6.326	N/A
= RDO ACTIVIDAD DE EXPLOTACIÓN	145.571	171.487	(25.916)	(15,1)%
(+/-) Otros resultados netos	(77.975)	(87.623)	9.648	(11,0)%
= RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS	67.596	83.864	(16.268)	(19,4)%
(+/-) Impuesto sobre beneficios	16.488	23.858	(7.370)	(30,9)%
= RESULTADO DEL EJERCICIO procedente de operaciones continuadas	51.108	60.006	(8.898)	(14,8)%
(+/-) Resultado operaciones interrumpidas (neto)	0	2.301	(2.301)	N/A
= RDO. CONSOLIDADO DEL EJERCICIO	51.108	62.307	(11.199)	(18,0)%
= RESULTADO ATRIBUIDO ENTIDAD DOMINANTE	50.893	61.807	(10.914)	(17,7)%

Para máis información:

Departamento de Comunicación
981 127 520
comunicacion@bancopastor.es

Director de Comunicación
Alejandro Kowalski
669077383

